


PROGRAMA

VIERNES 16/04/2021, 20 h.



SINFÓNICA
DE GALICIA

Programa 20

SERGUÉI PROKÓFIEV (1891-1953)

**Concierto para piano y orquesta nº 3, en do mayor, op. 26
(27')**

Andante – Allegro

Tema con variazioni

Allegro, ma non troppo

IGOR STRAVINSKI (1882-1971)

Petrushka [versión de 1947] (34')

Allegro

Moderato

Presto

Largo

Allegretto - Allegro

Daniel Ciobanu, piano

Giancarlo Guerrero, director

Orquesta Sinfónica de Galicia

Coliseum de A Coruña

Viernes, 16 de abril 2021 – 20h.

Stravinski versus Prokófiev

Igor Stravinski y Sergei Prokófiev se conocieron en San Petersburgo en el invierno de 1906-7, si bien no tuvieron ocasión de entablar relaciones personales hasta mediados de la I Guerra Mundial, cuando Prokófiev ya estaba desarrollando una brillante carrera internacional como pianista-compositor. La *Sugestión diabólica* op 4, nº 4 (1913) se ajustaba a la perfección a la moda del exotismo bárbaro promocionada por los Ballets Rusos entre los auditorios occidentales. Tras asistir en junio de 1914 al debut londinense de Prokófiev interpretando su 2º *Concierto para piano* en sol menor op 16 (1912-13), Diaghilev organizó su debut romano en mayo de 1915 y le encargó un ballet, *Ala y Lolli* op 20, concertando una cita en Roma para la lectura de los materiales previos que Diaghilev rechazó por anticuados y, sobre todo, por su carencia de exotismo ruso.

Aún así, decidió dar una segunda oportunidad a Prokófiev y le encargó un nuevo ballet *Chout* op 21 con la condición de que lo compondría con la ayuda y bajo la supervisión de Stravinski, a quien se lo notifica el 8 de marzo de 1915, comentándole que:

... debemos ser amables con él y mantenerlo a nuestro lado dos o tres meses. Cuento con tu ayuda. Prokófiev tiene talento, pero qué se puede esperar cuando la persona más culta con la que trata es [Nicolai] Tcherepnin, ¡que lo ha impresionado con su *avant-gardisme!* Prokófiev se deja influir muy fácilmente y me parece que es una persona mucho más agradable de lo que sospechábamos por su arrogante aspecto en el pasado. Lo llevaré a tu casa. Hay que cambiarlo de arriba abajo, si no, lo perderemos para siempre...

Diaghilev creía que Prokófiev había fracasado porque se sentía acomplejado «ante personas que eran más cultas que él, y muchas lo eran.» Stravinski, por su parte, atribuye estas inhibiciones a que:

Prokófiev era lo opuesto a un pensador musical. En realidad, era asombrosamente ingenuo en cuestiones de construcción musical. Poseía algo de técnica y sabía hacer ciertas cosas muy bien, pero sus opiniones musicales solían ser trilladas y, a menudo erróneas. Siempre nos llevamos muy bien, nunca hubo un malentendido entre nosotros pero hay que tener en cuenta que uno podía ver mil veces a Prokófiev sin que surgiera una relación profunda, y sólo en muy contadas ocasiones hablamos de música cuando estábamos juntos. Me daba la impresión de que lo más íntimo de Prokófiev solo salía a relucir cuando jugaba (magistralmente) al ajedrez.

Sergei Prokófiev (Sóntsovka, Ucrania, Imperio ruso, 11 de abril / 23 de abril de 1891; Moscú, 5 de marzo de 1953). *Concierto para piano y orquesta nº 3, en do mayor, op 26*. Composición entre 1913 y octubre de 1921. Estreno: Chicago: 16 de diciembre de 1921, Prokófiev, Orquesta Sinfónica de Chicago, Frederick Stock.

Durante su estancia italiana, hasta el fin de la guerra, Prokófiev compuso las *Visiones fugitivas op. 22*, su primera obra en estilo neoclásico que mantuvo en la *Sinfonía clásica op. 25* y el 1º *Concierto para violín op. 19*, que le proporcionaron un gran prestigio y una larga gira por USA (1918-22) de regreso de la cual instaló su domicilio en París (1922-36) tras el éxito apoteósico del estreno europeo del *Concierto para piano nº 3* bajo la dirección de Serge Koussevitzky.

El *Concierto nº 3*, como tantas otras obras de Prokófiev, fue compuesta a lo largo de un periodo largo de tiempo y

aprovechando fragmentos de otras obras anteriores, lo que no le resta en absoluto una unidad que resulta incluso extraña en estas circunstancias. Los primeros bocetos se pueden remontar a 1911, cuando Prokófiev decidió escribir simultáneamente tres conciertos para piano, para su uso personal, con un carácter distinto: el que describió como «lleno de pasajes virtuosísticos» es el que luego sirvió casi diez años después como base para este *Tercer concierto*. El tema que sirve de base a las variaciones del segundo movimiento proviene de una obra de 1913 que también abandonó y los dos temas principales del Allegro final corresponden a un cuarteto de cuerda de 1918 que también dejó incompleto.

Tras firmar con la Ópera de Chicago el contrato para el estreno de *El amor de las tres naranjas*, Prokófiev retornó a Europa en abril de 1921 para trabajar en los ensayos previos al estreno del ballet *Chout* que tuvo lugar en Montecarlo el 17 de mayo, bajo la dirección del propio Prokófiev. El resto de la primavera y el verano los pasó en Etretât (Bretaña francesa), donde tenía como vecinos a otros emigrados rusos (algunos de ellos ajedrecistas como él), entre ellos el poeta Konstantin Balmont a quien dedicó este Tercer concierto compuesto en «un horrible piano vertical» según lo describió Lina Codina, su futura esposa, que ya vivía con él. En septiembre, con el concierto ya finalizado, Lina y Serguei embarcaron hacia Nueva York, y en octubre viajaron a Chicago para supervisar los ensayos de *El amor de las tres naranjas*. El 16 de diciembre, dos semanas antes del estreno de la ópera, la Orquesta Sinfónica de Chicago, como era habitual antes del debut de un compositor nuevo en la Ópera, dedicó un concierto a Prokófiev donde este presentó su nuevo *Concierto n° 3* con un éxito moderado, que no aumentó en los conciertos neoyorquinos un mes después. Este fue uno de los motivos de que Prokófiev se instalara definitivamente en París en 1922, especialmente por el gran éxito que tuvo el *Tercer concierto* tras los estrenos europeos –abril de 1922– en París y Londres bajo

la batuta de Serge Koussevitzky (1874-1951). Prokófiev, que no era presumido respecto a sus obras escribió a un amigo de Chicago que la recepción en Londres y París fue: «Bastante destacada, mucho mejor que en Chicago, y los críticos me calificaron de “genio” (i)»

En otoño de 1924 Koussevitzky fue nombrado director de la Boston Symphony Orchestra, y en su primera temporada programó varias obras de Prokófiev, entre ellas con Alfred Cortot como solista, este *Tercer concierto* que iniciaba así su elevación al canon musical.

Igor Stravinski (Oranienbaum, Golfo de Finlandia, Imperio ruso, 5 de junio / 17 de junio de 1882; Nueva York, 6 de abril de 1971). *Pétrouchka*, ballet de Michel Fokine con escenografía y figurines de Alexandre Benois, quien colaboró con Stravinski en el libreto. Estreno en París: Théâtre du Châtelet, 13 de junio de 1911 por los Ballets Russes de Diaghilev. Intérpretes: Vaslav Nijinsky, Tamara Karsavina, Alexander Orlov y Enrico Cecchetti, Pierre Monteux, director musical. Composición, San Petersburgo, Montecarlo, Beaulieu, Roma y París, 1910-11. *Petrushka*, versión revisada para pequeña orquesta. Composición, Los Ángeles, 1946. Edición, 1947.

La fascinación por la *Commedia dell'arte* fue una corriente que afectó a todas las artes entre 1890 y 1930, quizá sus dos expresiones más universales hayan sido la ópera *I Pagliacci* (1892) y el personaje cinematográfico de Charlot (1914-1930), paradigmas de una moda que afectó a la pintura de Picasso, el teatro de Meyerhold y Benavente, la poesía de Apollinaire, T. S. Eliot o Mallarmé, y, desde luego, compositores tan diversos como Bartók, Busoni, Debussy, Falla, Puccini, Schönberg, Stravinski o Walton. Característica común a todas estas recreaciones es la tragedia íntima, sea el payaso homicida de *Pagliacci* de Leoncavallo, sea el patético hombrecillo de Chaplin, sea el Pierrot triste de Picasso.

Diaghilev, la personalidad artística más importante de la época, no sólo no se mantuvo ajeno al culto a la *Commedia*, sino que su propia carrera parece haber sido una alegoría del titiritero que controla azarosamente los hilos que mueven las marionetas protagonistas de una historia, que en este caso es la historia de la cultura occidental en uno de sus momentos más deslumbrantes, el primer tercio del pasado siglo. Paul Griffiths, en su imprescindible monografía sobre Stravinski, hace una variación sobre esa alegoría e interpreta *Pétroushka* como alegoría de los Ballets Rusos, una representación en la que Stravinski es el titiritero.

Griffiths establece un interesante antagonismo entre los roles de *Pétroushka* y de *Pierrot lunaire*. Interpreta a este como una alegoría del artista romántico, que aspira a la cosmovisión y se considera el centro del mundo, en contraposición con *Pétroushka*, alegoría del artista de la Belle Époque, alienado y socialmente periférico. Esto explica, según Griffiths, los cambios que Stravinski introdujo en la orquestación en 1945, cuando revisaba la partitura para su nueva edición con el nuevo título de *Petrushka*. Cambios que implicaron la transformación de una música mecánica en una música crispada [más próxima a Chaicovski que la versión original], que se aprecian muy claramente en las propias interpretaciones del compositor. Stravinski grabó el ballet completo en Hollywood en 1960, la suite de *Pétroushka* en dos ocasiones: Londres (1928) y Nueva York (1940) y otras dos la suite revisada de *Petrushka*: Hollywood (1960) y Moscú (1962).

Xoán M. Carreira

La génesis de *Pétroushka* relatada por Stravinski

«Antes de abordar *La Consagración de la Primavera* quería refrescarme componiendo

una pieza orquestal en la cual el piano pudiera jugar el papel más importante, una especie de *Konzertstück*. Mientras componía la música tenía en la cabeza una idea muy clara de un muñeco, súbitamente dotado de vida, exasperando la paciencia de la orquesta con sus diabólicas cascadas de arpegios. La orquesta a cambio se vengaba con bocanadas/ráfagas/explosiones de trompetas amenazantes. El resultado es un ruido terrorífico que alcanza su clímax y termina en un colapso quejoso y lleno de pena del pobre muñeco. Habiendo terminado esta grotesca/caprichosa pieza, me comí el tarro durante horas, mientras paseaba por las orillas del lago de Ginebra, para encontrar un título que pudiera expresar en una palabra el carácter de mi música y, consecuentemente, la personalidad de esta criatura.

Un día di un brinco de alegría, había encontrado ya mi título –*Petroushka*– el héroe inmortal e infeliz de todas las ferias de todos los países. Poco después Diaguilev vino a visitarme a Clarens, donde me había instalado. Se quedó muy asombrado cuando, en vez de los bocetos de la *Consagración*, le toqué la pieza que acababa de componer y que más tarde se convertiría en la segunda escena de *Petroushka*. Le gustó tanto que no se resignaba a que fuera la única y empezó a intentar convencerme de que desarrollara el tema de los sufrimientos del muñeco y los convirtiera en un ballet completo. Juntos trabajamos las líneas generales de la idea y el argumento y fijamos el decorado de la acción: la feria, con sus multitudes y sus puestos, el pequeño teatro típico, el carácter del mago, con todos sus trucos; y los muñecos que se vuelven vivos –*Petroushka*, su rival y la bailarina– y sus tragedias de amor que terminan con la muerte de *Petroushka*. De mutuo acuerdo, Diaguilev encargó el *décor* completo del ballet, tanto los decorados como los trajes, a Benois.

Poco después Diaguilev salió para San Petersburgo, desde donde me escribió en Navidades, pidiéndome que me reuniera allí con él unos pocos días, llevándole conmigo la música para que Benois y sus colaboradores pudieran verla. Tan pronto como llegué hice que mis amigos escucharan lo que había compuesto hasta entonces de *Petroushka*, es decir, las dos primeras escenas y el comienzo de la tercera. Benois inmediatamente empezó a trabajar, y en primavera se reunió con nosotros en Montecarlo.

De regreso a mi casa en Beaulieu volví a retomar mi trabajo en la partitura, pero su avance se vio interrumpido por una intoxicación que me obligó a un mes de reposo forzado. Estaba terriblemente ansioso por el destino de *Petroushka*, que tenía a toda costa que estar listo para ser representado en París en primavera. Afortunadamente recobré mis fuerzas lo suficiente para poder terminar mi trabajo en las diez semanas que faltaban para el comienzo de la temporada. Hacia finales de abril me reuní en Roma con Diaguilev donde estaba dando representaciones en el Teatro Constanzi coincidiendo con la Exposición Internacional.

Siempre recordaré con especial placer aquella primavera en Roma, ciudad que veía por primera vez y en la que revisé y terminé *Petroushka*. Me alojé en el Albergo d' Italia con Benois y Serov, el pintor ruso, de quien me convertí en un gran admirador. A pesar de mi trabajo extenuante, encontramos tiempo para hacer varias excursiones que fueron muy instructivas para mí, porque Benois era un experto conocedor del Arte y de la Historia y tenía talento para hacer que el pasado reviviera, así que aquellas expediciones se convirtieron en unas auténticas clases de las cuales disfruté mucho.

A nuestra vuelta a París comenzaron los ensayos bajo la dirección de Pierre Monteux, que fue durante varios años el director de orquesta de los Ballets Rusos que conocía a fondo su trabajo y estaba tan cercano a los orígenes desde los cuales se había elevado que sabía cómo tratar con los músicos: una gran ventaja para un director. Así que fue capaz de lograr una ejecución muy limpia y pensada de mi partitura. No le pido nada más a un director, porque cualquier otra actitud por su parte se convertiría inmediatamente en una *interpretación*, algo que me horroriza. El *intérprete* necesariamente no puede pensar en otra cosa más que en la *interpretación*, y así caemos en el mismo error de los traductores, *traduttore-traditore*; eso es un absurdo en la música y para el intérprete una fuente de inevitable vanidad que lo lleva a la más ridícula megalomanía. Durante los ensayos tuve la gran satisfacción de ver que todas mis intenciones respecto a los efectos de sonido se vieron ampliamente confirmadas.

Me gustaría al llegar a este punto prestar un homenaje de todo corazón a la insuperable entrega al personaje de *Petroushka* de Vaslav Nijinski. La perfección con

la cual llegó a convertirse en la verdadera encarnación de este papel fue lo más remarcable en términos absolutos, porque el puro trabajo saltarín en que solía sobresalir estuvo en este caso totalmente dominado por la acción dramática, la música y el gesto. La belleza del ballet fue ampliamente realizada por la riqueza de los decorados y trajes que Benois había creado para él. Mi entregada intérprete, Karsavina, me desveló que ella nunca hubiera renunciado a su parte de la bailarina, que adoraba. Pero fue una lástima que los movimientos de las multitudes se hubieran descuidado. Quiero decir que se dejaron a la improvisación arbitraria de los intérpretes en vez de estar reguladas coreográficamente de acuerdo con las exigencias claramente definidas de la música. Me da pena sobre todo porque las *danses d'ensemble* de los cocheros, las niñeras y las máscaras y los solos de danzas debían haber sido admiradas como las mejores creaciones de Fokine.

[Unos párrafos más adelante Stravinski cuenta la actuación de los Ballets Rusos en el Teatro Real en la primavera de 1921, y afirma que *Pétroushka* era el ballet favorito de Alfonso XIII y de «las dos reinas» (su madre y su esposa), recuerdos que mezcla con los de la Semana Santa en Sevilla.]

Igor Stravinski: *An Autobiography*, New York: 1936.
Selección de textos y traducción de Xoán M. Carreira

Stravinski versus Prokófiev

Igor Stravinski e Sergei Prokófiev coñecéronse en San Petersburgo no inverno de 1906-7, se ben non tiveron ocasión de establecer relacións persoais ata mediados da I Guerra Mundial, cando Prokófiev xa estaba a desenvolver unha brillante carreira internacional como pianista-compositor. A *Suxestión diabólica* op 4, nº 4 (1913) axustábase á perfección á moda do exotismo bárbaro promocionada polos Ballets Rusos entre os auditorios occidentais. Logo de asistir en xuño de 1914 ao debut londiniense de Prokófiev interpretando o seu *2º Concerto para piano* en sol menor op 16 (1912-13), Diaghilev organizou o seu debut romano en maio de 1915 e encargoulle un ballet, *Ala e Lolli* op 20, concertando unha cita en Roma para a lectura dos materiais previos que Diaghilev rexeitou por anticuados e, sobre todo, pola súa carencia de exotismo ruso.

Aínda así, decidiu darlle unha segunda oportunidade a Prokófiev e encargoulle un novo ballet *Chout* op 21 coa condición de que o comporía coa axuda e baixo a supervisión de Stravinski, a quen llo notifica o 8 de marzo de 1915, e onde lle comenta que:

... debemos ser amables con el e mantelo ao noso lado dous ou tres meses. Conto coa túa axuda. Prokófiev ten talento, pero que se pode agardar cando a persoa máis culta coa que trata é [Nicolai] Tcherepnin, que o impresionou co seu *avant-gardisme!* Prokófiev déixase influír moi doadamente e paréceme que é unha persoa moito máis agradable do que sospeitabamos polo seu arrogante aspecto no pasado. Levareino á túa casa. Hai que cambialo de arriba abaixo, se non, perderémolo para sempre...

Diaghilev cría que Prokófiev fracasara porque se sentía

acomplexado «ante persoas que eran máis cultas ca el, e moitas érano.» Stravinski, pola súa banda, atribúe estas inhibicións a que:

Prokófiev era o oposto a un pensador musical. En realidade, era abraiantemente inxenuo en cuestións de construción musical. Posuía algo de técnica e sabía facer certas cousas moi ben, mais as súas opinións musicais adoitaban ser manidas e, a miúdo erróneas. Sempre nos levamos moi ben, nunca houbo un malentendido entre nós pero hai que ter en conta que un podía ver mil veces a Prokófiev sen que xurdise unha relación fonda, e só en moi contadas ocasións falamos de música cando estabamos xuntos. Dábame a impresión de que o máis íntimo de Prokófiev só saía a relucir cando xogaba (de xeito maxistral) ao xadrez.

Sergei Prokófiev (Sóntsovka, Ucraína, Imperio ruso, 11 de abril / 23 de abril de 1891; Moscova, 5 de marzo de 1953). *Concerto para piano e orquestra nº 3, en dó maior, op 26*. Composición entre 1913 e outubro de 1921. Estrea: Chicago: 16 de decembro de 1921, Prokófiev, Orquestra Sinfónica de Chicago, Frederick Stock.

Durante a súa estadía italiana, ata a fin da guerra, Prokófiev compuxo as *Visións fuxitivas op. 22*, a súa primeira obra en estilo neoclásico que mantivo na *Sinfonía clásica op. 25* e o *1º Concerto para violín op. 19*, que lle proporcionaron un gran prestixio e unha longa xira polos EUA (1918-22) de regreso da cal instalou o seu domicilio en París (1922-36) logo do éxito apoteótico da estrea europea do *Concerto para piano nº 3* baixo a dirección de Serge Koussevitzky.

O *Concerto nº 3*, como tantas outras obras de Prokófiev, foi composta ao longo dun período longo de tempo e aproveitando fragmentos doutras obras anteriores, o que non lle resta en

absoluto unha unidade que resulta mesmo estraña nestas circunstancias. Os primeiros bosquejos pódense remontar a 1911, cando Prokófiev decidiu escribir de xeito simultáneo tres concertos para piano, para o seu uso persoal, cun carácter distinto: o que describiu como «cheo de pasaxes virtuosísticas» é o que logo serviu case dez anos despois como base para este *Terceiro concerto*. O tema que lles serve de base ás variacións do segundo movemento provén dunha obra de 1913 que tamén abandonou e os dous temas principais do Allegro final corresponden a un cuarteto de corda de 1918 que tamén deixou incompleto.

Logo de asinar coa Ópera de Chicago o contrato para a estrea da obra *O amor das tres laranxas*, Prokófiev retornou a Europa en abril de 1921 para traballar nos ensaios previos á estrea do ballet *Chout* que tivo lugar en Montecarlo o 17 de maio, baixo a dirección do propio Prokófiev. O resto da primavera e do verán pasounos en Etretât (Bretaña francesa), onde tiña como veciños outros emigrados rusos (algúns deles xadrecistas coma el), entre eles o poeta Konstantin Balmont a quen lle dedicou este *Terceiro concerto* composto nun «horrible piano vertical» segundo o describiu Lina Codina, a súa futura dona, que xa vivía con el. En setembro, co concerto xa finalizado, Lina e Serguei embarcaron cara a Nova York, e en outubro viaxaron a Chicago para supervisar os ensaios da peza *O amor das tres laranxas*. O 16 de decembro, dúas semanas antes da estrea da ópera, a Orquestra Sinfónica de Chicago, como era habitual antes do debut dun compositor novo na Ópera, dedicoulle un concerto a Prokófiev onde este presentou o seu novo *Concerto nº 3* cun éxito moderado, que non aumentou nos concertos neiorquinos un mes despois. Este foi un dos motivos de que Prokófiev se instalase definitivamente en París en 1922, en especial polo grande éxito que tivo o *Terceiro concerto* tras as estreas europeos –abril de 1922– en París e Londres baixo a batuta de Serge Koussevitzky (1874-1951). Prokófiev, que non era presumido

respecto das súas obras escribiulle a un amigo de Chicago que a recepción en Londres e París foi: «Bastante destacada, moito mellor que en Chicago, e os críticos cualificáronme de “xenio” (¡)»

No outono de 1924 Koussevitzky foi nomeado director da Boston Symphony Orchestra, e na súa primeira temporada programou varias obras de Prokófiev, entre elas con Alfred Cortot como solista, este *Terceiro concerto* que iniciaba así a súa elevación ao canon musical.

Igor Stravinski (Oranienbaum, Golfo de Finlandia, Imperio ruso, 5 de xuño / 17 de xuño de 1882; Nova York, 6 de abril de 1971). *Pétrouchka*, ballet de Michel Fokine con escenografía e figurinos de Alexandre Benois, quen colaborou con Stravinski no libreto. Estrea en París: Théâtre du Châtelet, 13 de xuño de 1911 polos Ballets Russes de Diaghilev. Intérpretes: Vaslav Nijinsky, Tamara Karsavina, Alexander Orlov e Enrico Cecchetti, Pierre Monteux, director musical. Composición, San Petersburgo, Montecarlo, Beaulieu, Roma e París, 1910-11. *Petrushka*, versión revisada para pequena orquestra. Composición, Los Ángeles, 1946. Edición, 1947.

A fascinación pola *Commedia dell'arte* foi unha corrente que afectou todas as artes entre os anos 1890 e 1930, quizais as súas dúas expresións máis universais fosen a ópera I *Pagliacci* (1892) e a personaxe cinematográfica de Charlot (1914-1930), paradigmas dunha moda que afectou a pintura de Picasso, o teatro de Meyerhold e Benavente, a poesía de Apollinaire, T. S. Eliot ou Mallarmé, e, desde logo, compositores tan diversos como Bartók, Busoni, Debussy, Falla, Puccini, Schönberg, Stravinski ou Walton. Característica común a todas estas recreacións é a traxedia íntima, xa for o pallaso homicida de *Pagliacci* de Leoncavallo, xa for o patético homiño de Chaplin, xa for o Pierrot triste de Picasso.

Diaghilev, a personalidade artística máis importante da época, non só non se mantivo alleo ao culto á *Commedia*, senón que a súa propia carreira semella ter sido unha alegoría do monicrequeiro que controla de modo azaroso os fíos que moven as marionetas protagonistas dunha historia, que neste caso é a historia da cultura occidental nun dos seus momentos máis abraiantes, o primeiro terzo do pasado século. Paul Griffiths, na súa imprescindible monografía sobre Stravinski, fai unha variación sobre esa alegoría e interpreta *Pétroushka* como alegoría dos Ballets Rusos, unha representación na que Stravinski é o monicrequeiro.

Griffiths establece un interesante antagonismo entre os roles de *Pétroushka* e de *Pierrot lunaire*. Interpreta este como unha alegoría do artista romántico, que aspira á cosmovisión e que se considera o centro do mundo, en contraposición con *Pétroushka*, alegoría do artista da Belle Époque, alienado e socialmente periférico. Isto explica, segundo Griffiths, os cambios que Stravinski introduciu na orquestración no ano 1945, cando revisaba a partitura para a súa nova edición co novo título de *Petrushka*. Cambios que implicaron a transformación dunha música mecánica nunha música crispada [máis próxima a Chaicóvski que a versión orixinal], que se aprecian moi claramente nas propias interpretacións do compositor. Stravinski gravou o ballet completo en Hollywood en 1960, a suite de *Pétroushka* en dúas ocasións: Londres (1928) e Nova York (1940) e outras dúas a suite revisada de *Petrushka*: Hollywood (1960) e Moscova (1962).

Xoán M. Carreira

A xénese de *Pétroushka* relatada por Stravinski

«Antes de tratar *A Consagración da Primavera* quería refrescar compoñendo unha

peza orquestral na cal o piano puidese desempeñar o papel máis importante, unha especie de *Konzertstück*. Mentres compoñía a música tiña na cabeza unha idea moi clara dun boneco, subitamente dotado de vida, exasperando a paciencia da orquestra coas súas diabólicas cascadas de arpexos. A orquestra a cambio vingábase con bafaradas/ventadas/explosións de trompetas ameazantes. O resultado é un ruído terrorífico que acada o seu clímax e remata nun colapso queixoso e cheo de mágoa do pobre boneco. Logo de rematar esta grotesca/caprichosa peza, deille voltas á cabeza durante horas, mentres paseaba pola beira do lago de Xenebra, para atopar un título que puidese expresar nunha palabra o carácter da miña música e, como consecuencia disto, a personalidade desta criatura.

Un día dei un chimplo de alegría, atopara xa o meu título *-Petroushka-* o heroe inmortal e infeliz de todas as feiras de todos os países. Pouco despois Diaguilev veu visitarme a Clarens, onde me instalara. Quedou moi abraiado cando, no canto dos bosquexos da *Consagración*, lle toquei a peza que acababa de compoñer e que máis tarde se habería de converter na segunda escena de *Petroushka*. Gustoulle tanto que non se resignaba a que fose a única e comezou a intentar convencerme de que desenvolvese o tema dos sufrimentos do boneco e os convertese nun ballet completo. Xuntos traballamos as liñas xerais da idea e o argumento e fixamos o decorado da acción: a feira, coas súas multitudes e mais os seus postos, o pequeno teatro típico, o carácter do mago, con todos os seus trucos; e os bonecos que se volven vivos *-Petroushka, a súa rival e mais a bailarina-* e as súas traxedias de amor que rematan coa morte de *Petroushka*. De mutuo acordo, Diaguilev encargoulle o *décor* completo do ballet, tanto os decorados coma os traxes, a Benois.

Pouco despois Diaguilev saíu para San Petersburgo, desde onde me escribiu no Nadal, pedíndome que me reunise alí con el uns poucos días, e que levase comigo a música para que Benois e os seus colaboradores puidesen vela. Tan rápido como cheguei fixen que os meus amigos escoitasen o que compuxera ata daquela de *Petroushka*, isto é, as dúas primeiras escenas e o comezo da terceira. Benois inmediatamente comezou a traballar, e na primavera reuniuse connosco en Montecarlo.

De regreso á miña casa en Beaulieu volví a retomar o meu traballo na partitura, pero o seu avance viuse interrompido por unha intoxicación que me obrigou a un mes de repouso forzado. Estaba terriblemente ansioso polo destino de *Petroushka*, que tiña que estar listo fose como for para ser representado en París na primavera. Afortunadamente recobrei as miñas forzas abondo como para poder rematar o meu traballo nas dez semanas que faltaban para o comezo da temporada. Cara a finais de abril reuníme en Roma con Diaguilev onde estaba dando representacións no Teatro Constanzi coincidindo coa Exposición Internacional.

